



BOP

VIERNES, 10 DE FEBRERO DE 2017

Nº 034

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

AUGAS DE GALICIA - SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pilar Rouco Martínez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía do río Beloi. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55003

As obras solicitadas consisten na retirada de varios muros de pedra e posterior achaiado na zona de policía do río Beloi, no lugar de Canadouras, na parroquia de Lagoa, no concello de Alfoz (Lugo).

Os muros están na parcela 820 do polígono 4 da concentración parcelaria do Val de Alfoz (antigas parcelas 404, 405 e 406 do polígono 112 do catastro do concello de Alfoz)

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de xaneiro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0337

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pilar Rouco Martínez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía do río Beloi. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.55000

As obras solicitadas consisten na retirada de dous muros de pedra e posterior achaiado na zona de policía do río Beloi, no lugar de Currás, na parroquia de Lagoa, no concello de Alfoz (Lugo).

Os muros de pedra están na parcela 843 do polígono 4 da concentración parcelaria do Val de Alfoz (antiga parcela 10080 do polígono 112 do catastro do concello de Alfoz).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de xaneiro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0338

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio*

ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
AS NOGAIS.- Rexeneración de pavimento da LU-P- 3701 " De As Nogais, por Pintinidoira á CP 4504", P.K. 1+100-5+800 (EX024OB16AB).	85.950,41 € 18.049,59 €	3 MESES	NON SE ESIXE
A PONTENOVA.- Rehabilitación superficial de firme LU-P-4802 " De Xinzo por Navallo a Ponte Soutelo", p.k. 0+000-4+360 (EXO23OB16AB)	425.078,51 € 89.266,49 €	6 MESES	NO SE ESIXE

CARACTERISTICAS:**1º. - ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a) Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo

2º. - DESCRIPCION DO CONTRATO

- a) Tipo de contrato: Obras.
- b) Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- c) Prazo de execución: O sinalado para cada obra ao comezo do anuncio

3º. - TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.

4º. - VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala para cada obra no comezo do anuncio.

5º. - GARANTIAS

- a) Provisional: Non se esixe.
- b) Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación sen IVE.

6º. - REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

- a) Clasificación: Non se esixe.
- b) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)
- c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. - PRESENTACION DE OFERTAS

- a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da

Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)

d) Admisión de variantes: NON

e) Idioma: Castelán e Galego

8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

CRITERIOS	PONDERACION
1) Prezo	75
2) Melloras de obra	20
3) Plan de comunicación da obra	5

9º. - APERTURA DE OFERTAS

a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.

b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.

c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.

b) Plataforma de contratación do sector público

c) Teléfono: 982-260080 - 24

d) Fax: 982-260186

Lugo, 2 febreiro de 2017. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016 O VICEPRESIDENTE, Álvaro Santos Ramos. O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/ 2016, de data 01-07-2016.- O VICEPRESIDENTE, Álvaro Santos Ramos”

R. 0346

SERVIZO RECURSOS HUMANOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017, SOBRE Á CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constatándose que a vixente Listaxe de Emprego Temporal de **Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas** non conta con aspirantes dispoñibles.

Considerando que no Informe Proposta do Servizo de Vías e Obras, que consta no expediente, tense acreditado a necesidade urxente e inaprazable de incorporar, con carácter provisional, funcionarios interinos da categoría de **Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas**, para atender as funcións especializadas da profesión regulada deste tipo de funcionarios para a execución das actuacións encomendadas ao dito Servizo, tanto en materia de mantemento e conservación da extensa rede viaria de titularidade provincial como nos traballos de colaboración cos Concellos e na realización de obras novas, necesidade acentuada ao existir actualmente un déficit estrutural de efectivos desta clasificación en relación a etapas anteriores, que fai moi difícil atender ás encomendas asumidas.

Visto as características do tipo de praza/posto/emprego obxecto desta convocatoria, son as seguintes:

Denominación: Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.

Clasificación: Grupo A. Subgrupo A2.

Retribución: As correspondentes a un/ha praza/posto de **Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas** e de categoría de entrada.

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN AO OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- Artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que *“son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias: (...)”*.

- Artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que establece que *“Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais”*.

- Artigo 55.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

- Artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

- Artigo 61.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

- Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

- Resolución de data 29 de setembro do 2009 (BOP nº 231, de 8 de outubro do 2009), modificada parcialmente pola Resolución de data 16 de decembro de 2011, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal á Deputación provincial de Lugo (BOP nº 294, de 26 de decembro do 2011).

3.- LISTAXES DE ASPIRANTES QUE PARTICIPARON EN PROCESOS SELECTIVOS.

Nestes momentos non existen aspirantes na correspondente listaxe ao obxecto de poder cubrir provisionalmente prazas/postos/empregos de **Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas**, ao ter renunciado a única integrante, con data de 18 de xaneiro do 2016.

4.- EFECTIVOS A INCORPORAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A DEVANDITA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar o correspondente proceso selectivo para elaborar unha Listaxe de aspirantes a prestar servizos como funcionario/a interino/a, dado que, como xa se sinalou, esta Entidade carece de efectivos para realizar as funcións correspondentes á/ao praza/posto/emprego de Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.

Considerando que os motivos de necesidade e urxencia da incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada e que se trata de servizos que realiza funcións de carácter prioritario.

Considerando que se cumpren as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, xa mencionada, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011, á Xunta de Goberno,

ACORDOU:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre para a elaboración de listaxes de aspirantes a prestar servizos como funcionarios interinos en prazas/postos/empregos de Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas, para atender ás necesidades de xurdan das distintas unidades da Deputación Provincial, mentres se considere necesario, urxente e prioritaria a súa incorporación transitoria.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán nestes procedementos selectivos estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 e relativas á selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que foron publicadas no BOP nº 289, do xoves 17 de decembro de 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas ao obxecto da confección da Listaxe de funcionarios/as interinos/as para provistar, con carácter provisional, prazas/postos/empregos de Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.

Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO- OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS.

1.- **OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS:** Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas.

2.- **BASES XERAI:** No presente proceso selectivo rexerán ás aprobadas na sesión por esta Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2015 e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro de 2015.

3.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:

4.1.- **DENOMINACIÓN DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:** ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS.

4.2.- **GRUPO DE ENCADRAMENTO:** Grupo A - Subgrupo A2.

4.3.- **RETRIBUCIÓN:** As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS, na súa categoría de "posto de entrada".

5.- **ADSCRICIÓN:** Ás distintas Unidades Administrativas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

6.- **FUNCIÓN DO POSTO DE TRABALLO:** As correspondentes a un ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS, conforme á normativa estatal e comunitaria aplicable ao exercicio desta profesión regulada; e aquelas outras funcións que teña atribuído o dito posto na Relación de Postos de Traballo.

7.- REQUISITOS INDISPENSABLES:

7.1.- **TITULACIÓN ACADÉMICA:** ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE OBRAS PÚBLICAS ou aquela outra que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen as Directivas Comunitarias.

8.- **NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:** CELGA 4.

9.- PROGRAMA DE ACCESO.

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

5.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011): Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.

B) MATERIA ESPECÍFICAS.

1.- Redes de estradas na provincia de Lugo. Os plans de estradas.

2.- Conservación de estradas. Mantemento da vialidade. Explotación.

3.- Clases de estradas e tipos de proxectos. Datos básicos para o estudo do trazado.

4.- Trazado en planta.

5.- Trazado en alzado. Coordinación do trazado en planta e alzado.

6.- Sección transversal en planta. Carrís adicionais e outros elementos de trazado. Nós: interseccións e enlaces.

7.- Muros. Tipos. Datos para o proxecto de muros. Métodos para o dimensionamento de muros. Detalles construtivos. Distintos tipos de fábricas.

8.- Drenaxe superficial. Consideracións xerais e criterios básicos. Cálculo dos caudais de referencia. Drenaxe transversal. Pequenas obras de paso.

9.- Sinalización vertical. Principios básicos. Elementos e características. Criterios de implantación en estradas convencionais.

10.- Sinalización de obras. Ordenación da circulación en presenza de obras fixas.

11.- Explanacións. Obras de terras. Materiais. Execución. Control.

12.- Dimensionamento de firmes flexibles. Explanada. Capas granulares. Materiais. Execución. Control.

13.- Tratamentos superficiais e mesturas bituminosas. Aplicacións. Materiais. Execución. Control.

14.- Control de calidade en obras de estradas. Proxecto. Execución. Inspección.

15.- Sistemas de abastecemento de auga a poboacións. Dimensionamento. Proxectos. Conducións. Distribución. Construción e explotación.

16.- Saneamento. Sistemas de evacuación. Trazado. Determinación de caudais. Compoñentes do sistema.

17.- Lexislación vixente de estradas de Galicia. Protección do dominio público viario.

18.- O planeamento urbanístico. Instrumentos. Coordinación coa lexislación de estradas.

19.- Accesos e conexións nas estradas convencionais estatais e autonómicas. Tipoloxía e parámetros. Elementos e deseño.

20.- Proxectos de obras de estradas. Documentos.

21.- A lexislación de contratos públicos. O expediente de contratación e especialidades da súa tramitación. Preparación do contrato de obras. Procedementos de adxudicación.

22.- Execución do contrato de obras. Reformulo. Certificacións. Revisión de prezos. Modificacións. Cumprimento. Resolución.

23.- Seguridade e saúde nas obras de estradas. Normativa vixente. Estudio de seguridade e saúde. Plan de seguridade e saúde. Coordinador de seguridade e saúde.

24.- As medidas ambientais protectoras e correctoras para obras de estradas en Galicia. A vixilancia e seguimento ambiental.

Pazo Provincial de Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017, SOBRE Á CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE TÉCNICO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constatándose que a vixente Listaxe de Emprego Temporal de **Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade** non conta con efectivos dispoñibles neste momento para poder ser nomeados.

Considerando que dende distintas Áreas e Unidades administrativas de carácter prioritario desta Deputación Provincial, nomeadamente do Servizo de Cooperación e Asistencia a Concellos tense manifestado a necesidade urxente e inaprazable de incorporar, con carácter provisional, funcionarios interinos da categoría de **Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade**, para atender as funcións especializadas do dito tipo de funcionarios de apoio na xestión contable dos Concellos, necesidade acentuada ao terse producido a baixa, por excedencia voluntaria, dun funcionario de carreira, con data 3 de novembro do 2016, que viña prestando apoio aos Concellos nesta materia.

Visto as características do tipo de praza/posto/emprego obxecto desta convocatoria, son as seguintes:

Denominación: Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade.

Clasificación: Grupo A. Subgrupo A1.

Retribución: As correspondentes a un/ha praza/posto de Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade e de categoría de entrada.

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN AO OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- Artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que *"son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias: (...)".*

- Artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que establece que *"Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais".*

- Artigo 55.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *"todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".*

- Artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *"as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."*

- Artigo 61.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que dispón que *"os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto".*

- Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

- Resolución de data 29 de setembro do 2009 (BOP nº 231, de 8 de outubro do 2009), modificada parcialmente pola Resolución de data 16 de decembro de 2011, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal á Deputación provincial de Lugo (BOP nº 294, de 26 de decembro do 2011).

3.- LISTAXES DE ASPIRANTES QUE PARTICIPARON EN PROCESOS SELECTIVOS.

Nestes momentos non existen aspirantes dispoñibles na correspondente listaxe ao obxecto de poder cubrir provisionalmente prazas/postos/empregos de Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade.

4.- EFECTIVOS A INCORPORAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A DEVANDITA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar o correspondente proceso selectivo para elaborar unha Listaxe de aspirantes a prestar servizos como funcionario/a interino/a, dado que, como xa se sinalou, esta Entidade carece de efectivos para realizar as funcións correspondentes á/ao praza/posto/emprego de Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade.

Considerando que os motivos de necesidade e urxencia da incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada e que se trata de servizos que realiza funcións de carácter prioritario.

Considerando que se cumpren as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, xa mencionada, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011, á Xunta de Goberno,

ACORDOU:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a elaboración de listaxes de aspirantes a prestar servizos como funcionarios interinos en prazas/postos/empregos de Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade, para atender ás necesidades de xurdan das distintas unidades administrativas da Deputación Provincial, mentres se considere necesario, urxente e prioritaria a súa incorporación transitoria.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán nestes procedementos selectivos estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 e relativas á selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos á Deputación provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que foron publicadas no BOP nº 289, do xoves 17 de decembro de 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas ao obxecto da confección da Listaxe de funcionarios/as interinos/as para provistar, con carácter provisional, prazas/postos/empregos de Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade.

Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO- OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE.

1.- **OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS:** Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como Técnico Superior de Administración Financeira e Contabilidade.

2.- **BASES XERAIS:** No presente proceso selectivo rexerán ás aprobadas na sesión por esta Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2015 e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro de 2015.

3.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:

4.1.- **DENOMINACIÓN DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:** TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE.

4.2.- **GRUPO DE ENCADRAMENTO:** Grupo A - Subgrupo A1.

4.3.- **RETRIBUCIÓN:** As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de TÉCNICO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E CONTABILIDADE na súa categoría de "posto de entrada".

5.- **ADSCRICIÓN:** Ás distintas Unidades Administrativas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

6.- **FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABAJO:** As correspondentes a un Técnico Superior da Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, referidas á administración económico financeira, contable, recadatoria

e orzamentaria; e aquelas outras funcións que se determinan para este posto de traballo na Relación de Postos de Traballo.

7.- REQUISITOS INDISPENSABLES:

7.1.- TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado Administración e Dirección de Empresas; Graduado en Ciencias Económicas. Graduado en Ciencias Empresariais. Titulacións Universitarias equivalentes ás anteriores.

8.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

9.- PROGRAMA DE ACCESO.

A) MATERIAS COMÚNS.

1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

5.- O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

6.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011): Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

7.- A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas. Especial referencia aos procedementos en materia de responsabilidade.

8.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.

9.- Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.

B) MATERIA ESPECÍFICAS.

1.- A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisiones Informativas y outros órganos. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. Outros réximes especiais. Especialidades do réxime orgánico -funcionais nos municipios de grande poboación.

2.- As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sostenibilidade financeira da facenda local como orzamento do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos.

3.- A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. A coordinación dos servizos locais. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas. Os consorcios: réxime xurídico.

4.- Xestión indirecta: a concesión de servizos públicos. Concepto e natureza. Elementos. Potestades da Administración. Dereitos e obrigas do concesionario. Relacións do concesionario cos usuarios. Extinción da concesión. Outras formas de xestión indirecta dos servizos públicos.

5.- Os contratos do sector público: obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público: racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, o réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación.

6.- As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. A capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións. Clasificación. A sucesión do contratista.

7.- Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de

adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos.

8.- Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

9.- O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adxudicación. Execución, modificación e extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola propia Administración. O contrato de concesión de obra pública.

10.- O contrato de xestión de servizos públicos. O contrato de subministración. O contrato de servizos. O contrato de colaboración entre el sector público e privado.

11.- Normas específicas de contratación nas Entidades Locais. Racionalización nos sistemas de contratación. Especial referencia aos Acordos marco e Centrais de contratación. Aplicación nas Entidades Locais.

12.- As Facendas Locais en España: principios constitucionais. O réxime xurídico das Facendas Locais. Incidencia estatal e autonómica na autonomía financeira local. A coordinación das Facendas Estatal, Autonómica e Local.

13.- O Orzamento Xeral das Entidades Locais: concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do Orzamento Xeral. A prórroga orzamentaria.

14.- A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.

15.- A execución do orzamento de gastos e de ingresos: as súas fases. Os pagamentos a xustificar. Os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado: especial referencia ás desviacións de financiamento.

16.- A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo. Análise do remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e do remanente de tesourería para gastos xerais. A consolidación orzamentaria.

17.- Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto para as Corporacións locais: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Os Plans económico - financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das Entidades Locais.

18.- Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit o superávit na Contabilidade Nacional. O período medio de pagamento a provedores.

19.- A tesourería das Entidades Locais. Réxime xurídico. O principio de unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización de pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento. O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.

20.- A planificación financeira. O plan de tesourería e o plan de disposición fondos. A rendabilización de excedentes de tesourería. As operacións de tesourería. O risco de tipos de interese e de cambio nas operacións financeiras. O Principio de Prudencia Financeira.

21.- A contabilidade nas entidades locais e os seus organismos autónomos: os modelos normal, simplificado e básico. As Instrucións dos modelos normal e simplificado de contabilidade local: estrutura e contido. Particularidades do modelo básico.

22.- A Conta Xeral das Entidades Locais: contido, formación, aprobación e rendición. Outra información a subministrar ao Pleno, aos órganos de xestión, aos órganos de control interno e a outras Administracións Públicas.

23.- Marco integrado de Control Interno (COSO). Concepto de control interno, e a súa aplicabilidade ao sector público. O control interno da actividade económico- financeira das Entidades Locais e os seus entes dependentes. A función interventora: ámbito subxectivo, ámbito obxectivo e modalidades. Especial referencia aos reparos.

24.- Os controis financeiro, de eficacia e de eficiencia: ámbito subxectivo, ámbito obxectivo, procedementos e informes. A auditoría como forma de exercicio do control financeiro. As Normas de Auditoría do sector público.

25.- O control externo da actividade económico- financeira do sector público local. A fiscalización das entidades locais polo Tribunal de Contas e os órganos de control externo das Comunidades Autónomas. As relacións do Tribunal de Contas e os órganos de control externo das Comunidades Autónomas. Organizacións internacionais de entidades fiscalizadoras: as normas INTOSAI.

26.- A responsabilidade contable: concepto e réxime xurídico. O carácter obxectivo da responsabilidade contable. Supostos básicos de responsabilidade contable: alcances contables, malversacións e outros supostos. Compatibilidade con outras clases de responsabilidades. Os suxeitos dos procedementos de responsabilidade contable.

27.- Os recursos das Facendas Locais. Os tributos locais: principios. A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

28.- O Imposto sobre Bens Inmóbles. Natureza. Feito impositivo. Sujeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base impositiva. Base liquidable. Cota, devengo e período impositivo. Xestión catastral. Xestión tributaria. Inspección catastral.

29.- O Imposto sobre actividades económicas. Natureza. Feito impositivo. Sujeito pasivo. Exencións. Cota: as tarifas. Devengo e período impositivo. Xestión censal e xestión tributaria. O recargo provincial. O Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

30.- O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

31.- Taxas e prezos públicos. Principais diferenzas. As contribucións especiais: anticipo e aprazamento de cotas e colaboración cidadá.

32.- A participación de municipios e provincias nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. Criterios de distribución e regras de evolución. Réximes especiais. A cooperación económica do Estado e das Comunidades Autónomas aos investimentos das Entidades Locais. Os Fondos de la Unión Europea para Entidades Locais.

33.- Obrigas no ordenamento xurídico de calcular os custes dos servizos locais. A cultura da avaliación. Transparencia e calidade. A función coordinadora das Deputacións Provinciais. Efectos na forma de xestión dos servizos.

34.- Custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais. Criterios de cálculo establecidos na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro.

35.- Sistemas de información para a dirección e a xestión. A información como recurso para a Administración Pública. A protección dos datos de carácter persoal.

36.- Contabilidade analítica. Os custes históricos. Esquema contable da formación de custes. Custes estimados ou presupostados. Procedementos contables e contas de axuste. Procedementos contables e significados e cualificación das desviacións.

Pazo Provincial de Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0349

Anuncio

PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2017, SOBRE Á CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA PRESTAR SERVIZOS COMO FUNCIONARIOS INTERINOS POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constatándose que non hai Listaxe de Emprego Temporal de **Diplomados/as en Relacións Laborais** con aspirantes dispoñibles.

Considerando que no Informe Proposta da Unidade de Emprego da Área de Cooperación cos Concellos, Emprego, Benestar, Igualdade, Educación e Promoción Económica, de 23 de xaneiro do 2017, que consta no expediente, tense acreditado a necesidade urxente e inaprazable de incorporar, con carácter provisional, funcionarios interinos da categoría de **Diplomados/as en Relacións Laborais**, para atender as funcións especializadas da profesión regulada deste tipo de funcionarios para a execución das actuacións encomendadas ao dito Servizo, en materia de seguimento e control do cumprimento da normativa laboral e de seguridade social nas contratacións de persoal por empresas e entidades beneficiarias do programa Ben Empregado e outros e outras actividades de reforzo da Unidade de Emprego en materia de inserción laboral e estudos do mercado laboral, para poder atender axeitadamente as encomendas asumidas.

Visto as características do tipo de praza/posto/emprego obxecto desta convocatoria, son as seguintes:

Denominación: Diplomado/a en Relacións Laborais.

Clasificación: Grupo A. Subgrupo A2.

Retribución: As correspondentes a un/ha praza/posto de **Diplomado/a en Relacións Laborais** e de categoría de entrada.

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN AO OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

- Artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que *“son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias: (...)”*.

- Artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 que establece que *“Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais”*.

- Artigo 55.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

- Artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

- Artigo 61.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

- Artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos.

- Resolución de data 29 de setembro do 2009 (BOP nº 231, de 8 de outubro do 2009), modificada parcialmente pola Resolución de data 16 de decembro de 2011, pola que se aproba a modificación dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal á Deputación provincial de Lugo (BOP nº 294, de 26 de decembro do 2011).

3.- LISTAXES DE ASPIRANTES QUE PARTICIPARON EN PROCESOS SELECTIVOS.

Nestes momentos non existe listaxe ao obxecto de poder cubrir provisionalmente prazas/postos/empregos de **Diplomado/a en Relacións Laborais**.

4.- EFECTIVOS A INCORPORAR PARA CUBRIR INTERINAMENTE A DEVANDITA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE DIPLOMADO/A EN RELACIÓNS LABORAIS.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar o correspondente proceso selectivo para elaborar unha Listaxe de aspirantes a prestar servizos como funcionario/a interino/a, dado que, como xa se sinalou, esta Entidade carece de efectivos para realizar as funcións correspondentes á/ao praza/posto/emprego de **Diplomado/a en Relacións Laborais**.

Considerando que os motivos de necesidade e urxencia da incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada e que se trata de funcións de carácter prioritario.

Considerando que se cumpren as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, xa mencionada, en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011, á Xunta de Goberno,

ACORDOU:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre para a elaboración de listaxes de aspirantes a prestar servizos como funcionarios interinos en prazas/postos/empregos de **Diplomado/a en Relacións Laborais**, para atender ás necesidades de xurdan das distintas unidades da Deputación Provincial, mentres se considere necesario, urgente e prioritaria a súa incorporación transitoria.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán nestes procedementos selectivos estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 4 de decembro de 2015 e relativas á selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que foron publicadas no BOP nº 289, do xoves 17 de decembro de 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas probas selectivas ao obxecto da confección da Listaxe de funcionarios/as interinos/as para provistar, con carácter provisional, prazas/postos/empregos de **Diplomado/a en Relacións Laborais**.

Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO- OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS.

1.- **OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS:** Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS.

2.- **BASES XERAIS:** No presente proceso selectivo rexerán ás aprobadas na sesión por esta Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2015 e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro de 2015.

3.- **RELACIÓN XURÍDICA:** Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:

4.1.- **DENOMINACIÓN DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:** DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS

4.2.- **GRUPO DE ENCADRAMENTO:** Grupo A - Subgrupo A2.

4.3.- **RETRIBUCIÓN:** As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS, na súa categoría de "posto de entrada".

5.- **ADSCRICIÓN:** Ás distintas Unidades Administrativas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urgente e inaprazable da incorporación.

6.- **FUNCIÓN DO POSTO DE TRABALLO:** As correspondentes a un DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS, conforme á normativa estatal e comunitaria aplicable ao exercicio desta profesión regulada; e aquelas outras que se determinan para este tipo de empregados na Relación de Postos de Traballo.

7.- REQUISITOS INDISPENSABLES:

7.1.- **TITULACIÓN ACADÉMICA:** DIPLOMADOS/AS EN RELACIÓNS LABORAIS, GRADUADOS SOCIAIS DIPLOMADOS ou aquela outra que habilite para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen as Directivas Comunitarias.

8.- **NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:** CELGA 4.

9.- PROGRAMA DE ACCESO.**A) MATERIAS COMÚNS.**

1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns. A Xefatura do Estado. As Cámaras Lexislativas: Congreso e Senado. O Goberno e a Administración Pública. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

2.- As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

3.- Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación de servizos. A Administración Electrónica.

4.- Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

5.- A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056 do 10/03/2011): Órganos de decisión colexiados e unipersonais e

organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.

6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.

B) MATERIA ESPECÍFICAS.

1.- Directrices Europeas de Emprego: A estratexia de Lisboa, directrices básicas e relanzamento. Propostas de crecemento e emprego. A estratexia Europa 2010.

2.- Novos xacementos de emprego, as oportunidades de negocio e os sectores emerxentes de actividade: Conceptos, características, diferenzas e a súa aplicación no territorio.

3.- A busca activa de emprego: os sistemas de busca activa. Ferramentas.

4.- Medidas de fomento de emprego: modalidades, fomento e apoio á contratación laboral, incentivos fiscais.

5.- Características e accións de intervención concretas co colectivo de desempregados/as: demandantes de primeiro emprego; maiores de 45 anos; mulleres; desempregados de longa duración; exclusión social; persoas con discapacidade; migrantes; etc.

6.- O contrato de traballo. Concepto, natureza xurídica, consentimento, obxecto e causa. Os suxeitos do contrato de traballo: o traballador e o empresario. Nacemento do contrato de traballo. O período de proba. A forma de contratación, efectos. A proba do contrato de traballo.

7.- Modalidades do contrato de traballo. O contrato de traballo por tempo indefinido e de carácter temporal. O contrato indefinido de apoio aos emprendedores. O contrato de obra ou servizo determinado. O contrato eventual por circunstancias da produción. O contrato de interinidade.

8.- O contrato de traballo a tempo parcial. O contrato fixo discontinuo, de relevo e de xubilación parcial: réxime xurídico. Contratación indefinida e temporal para traballadores con discapacidade. Requisitos, formalización, incentivos e outras características. Os centros especiais de emprego: réxime xurídico. A reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade.

9.- O salario. Concepto. Natureza Xurídica. Clases. Liquidación e pago: lugar, tempo, forma e documentación do salario. Estrutura salarial. O SMI. O IPREM. A nómina: confección, documentación e tramitación.

10.- A xornada de traballo. Límites xerais e especiais do tempo máximo de traballo. Horas Extraordinarias: concepto, clases e réxime xurídico; retribución e compensación. Descanso semanal e festas laborais. Calendario laboral. Vacacións: seu réxime xurídico. Licencias e permisos. Excedencias.

11.- A Seguridade Social en España: Texto refundido da Lei Xeral de Seguridade Social. A estrutura do sistema da seguridade social. Clasificación e enumeración dos distintos reximes: Xeral e Especiais.

12.- Inscripción de empresas, afiliación, altas e baixas de traballadores no Réxime Xeral da Seguridade Social. Situacións asimiladas á alta. Altas de oficio.

13.- A cotización. A cota: concepto e natureza xurídica. Suxeitos obrigados e suxeitos responsables. A responsabilidade subsidiaria e a responsabilidade solidaria: supostos. Nacemento e duración da obriga de cotizar. O convenio especial en Seguridade Social. Prescrición. Prelación de créditos e devolución de ingresos indebidos.

14.- Réxime Xeral: Bases de cotización. Concepto e exclusións. Determinación das bases de cotización. Cotización nas situacións de IT, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, permanencia en alta sen percibo de retribución, desemprego, pluriemprego, pluriactividade, contrato a tempo parcial, xornada reducida por garda legal e folga parcial.

15.- Cotizacións e recadación. Bonificacións e reducións de cotas á Seguridade Social. Recadación en período voluntario: prazos, lugar e forma de liquidación das cotas. Aprazamentos e fraccionamentos de pago. Falla de cotización en prazo regulamentario: reclamación de débedas e recargos.

16.- A protección por incapacidade temporal: concepto, beneficiarios e contía. Nacemento, duración e extensión. A protección por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. A prestación económica polo coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

17.- A xubilación ordinaria. A Xubilación anticipada e a Xubilación parcial. Morte e supervivencia.

18.- A colaboración na xestión da Seguridade Social. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Constitución, organización e funcionamento. Colaboración obrigatoria e voluntaria de empresas.

19.- A mobilidade funcional. Promoción no traballo e clasificación profesional. Mobilidade xeográfica. Clases. As modificacións substanciais do contrato de traballo: causas e procedemento. As suspensións do contrato de traballo: causas e procedemento.

20.- O poder disciplinario do empresario. Extinción do contrato de traballo. Prescrición e caducidade das accións derivadas do contrato de traballo. Despedimento disciplinario. Procedemento, consecuencias e indemnizacións. Extinción do contrato por causas obxectivas. A extinción do contrato por causas económicas, técnicas, organizativas e produtivas. Extinción do contrato por forza maior. O Despedimento Colectivo.

21.- Representación e participación dos traballadores na empresa: a representación unitaria e sindical. Competencias e garantías. Procedementos de elección.

22.- Convenios Colectivos. A forza vinculante dos convenios colectivos. Convenios Estatutarios e extraestatutarios. Acordos de empresa. Procedemento, tramitación e control de legalidade. Vixencia. Aplicación e interpretación.

23.- A Lei de Prevención de Riscos Laborais. Fundamentos, obxecto e natureza xurídica. Ámbito de aplicación. Vixencia. Conceptos básicos en materia de prevención de riscos laborais. Órganos competentes en materia de prevención de riscos laborais.

24.- Dereitos e obrigas do empresario en materia de Seguridade e Saúde. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de Seguridade e Saúde.

Pazo Provincial de Lugo, 2 de febreiro do 2017.- O SECRETARIO, Mamuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0350

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2017 acordou APROBAR INICIALMENTE o inventario de camiños municipais do Concello de Alfoz.

Expoñer ao público o expediente durante un prazo de 30 días hábiles que se computará a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos previstos no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que se poidan presentar alegacións. No caso de non presentarse aquelas, o acordo inicialmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo.

En Alfoz, a 31 de xaneiro de 2017.- O alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0339

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Por diversas cuestións relativas á tramitación do expediente de alleamento da finca rústica con referencia catastral 27003A08000146000XM, ubicada na parcela nº 146 do polígono nº 80, no Lg. Barbalde, Antas de Ulla; a finca rústica con referencia catastral 27003A08000147000XO, ubicada na parcela nº 147 do polígono nº 80, no Lg. Barbalde, Antas de Ulla; e a finca urbana con referencia catastral 002200100NH93E0001ZL, ubicada no Lg. Barbalde, Arcos 1, Antas de Ulla, tramitado mediante expediente de poxa pública e adxudicado mediante resolución do Consello de Administración da sociedade mercantil EMPRESA DE PROMOCIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA S.L.U., de data 28 de novembro de 2016, a D. Fernando Gómez González, aprázase a formalización da escritura pública de alleamento ata o día 26 de de xaneiro de 2017, data na que se outorgará a mesma, aos efectos oportunos.

En Antas de Ulla, a 12 de xaneiro de 2017.- O Presidente, Javier Varela Pérez.

R. 0340

CERVO

Anuncio

Aprobada en sesión plenaria ordinaria de data 1 de febreiro de 2017 a modificación das dedicacións dos membros da corporación municipal do concello de Cervo no exercicio 2017, en cumprimento do disposto a tales efectos no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, publícase o citado acordo para xeral coñecemento:

- Supresión da dedicación exclusiva, asumida na actualidade polo alcalde, don Alfonso Villares Bermúdez, no referente á “COORDINACIÓN DAS DISTINTAS DELEGACIÓNS”, cunha retribución anual de 39.841,20€ brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).
- A “COORDINACIÓN DAS DISTINTAS DELEGACIÓNS” será asumida polo Alcalde, don Alfonso Villares Bermúdez, en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de forma que se realice unha dedicación mínima de 148 horas ao mes, exercidas segundo as necesidades, que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 39.060,00€ brutos, divididos en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).
- A Delegación de “EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E FACENDA e as específicas que sexan determinadas puntualmente pola Alcaldía”, asumida na actualidade por dona M^a Dolores García Caramés, exercerase en réxime de DEDICACIÓN PARCIAL de xeito que se realice unha dedicación mínima de 71 horas ao mes, exercidas segundo as necesidades da delegación e que deberán ser xustificadas documentalmente. A DEDICACIÓN PARCIAL suporá unha retribución anual de 15.399,96€ brutos, en catorce pagas iguais (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

Cervo (Lugo), 1 de febreiro de 2017.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez

R. 0351

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o **Orzamento Municipal** para o **exercicio económico de 2017**, por acordo adoptado en sesión Extraordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2016, en cumprimento do que dispón o artigo 169.4 do RDL 2/2004, de 6 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o resumo por capítulos dos estados de gastos e ingresos, así como a plantilla de persoal, son os seguintes:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións non financeiras	
	A-1 Operacións correntes	
1º	Gastos de persoal	507.874,57
2º	Gastos en bens correntes e servizos	365.579,32
3º	Gastos financeiros	-
4º	Transferencias correntes	13.150,00
	A-2 Operacións de Capital	
6º	Inversións reais	164.942,81
7º	Transferencias de capital	----
	B) Operacións financeiras	
8º	Activos financeiros	---
9º	Pasivos financeiros	---
	Total Estado de Gastos	1.051.546,70

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
	A) Operacións non financeiras	
	A-1 Operacións correntes	
1º	Impostos directos	132.729,87
2º	Impostos indirectos	3.200,00
3º	Taxas e outros ingresos	105.931,64
4º	Transferencias correntes	700.916,44
5º	Ingresos patrimoniais	4.050,34

	A-2 Operacións de Capital		
6º	Enaxenación de inversións reais	---	
7º	Transferencias de Capital	120.658,80	
	B) Operacións financeiras		
8º	Activos financeiros	----	
9º	Pasivos financeiros	---	
	Total estado de Ingresos	..	1.067.487,09

PLANTILLA DE PERSOAL

1.- FUNCIONARIOS DE CARRERA

ESCALA	SUBESCALA	POSTO TRABAJO	DE	Nº PLAZAS	GRUPO	NIVEL C.D.
Habilitación Nacional	Secretaría-Intervención	Secretaría-Intervención		1	A2	26
Administración General	Auxiliar	Auxiliar-cuberta inteiramente		1	C2	18

2.- PERSONAL LABORAL FIJO

DENOMINACIÓN DE LA PLAZA	Nº PLAZAS	SITUACIÓN
Peón de obras e servizos	1	Vacante-cuberta interinamente
Celador-Operario Servizos Múltiples	1	Interinidade

3.- PERSONAL LABORAL NO FIJO

DENOMINACIÓN	Nº EFECTIVOS	OTROS DATOS
Asistente Social	1	Subvencionada Xunta Galicia
Agente de Empleo y Desarrollo Local	1	Subvencionada Xunta Galicia
Encargada Biblioteca	1	Tiempo parcial
Peón especialista	1	
Peón ordinario	1	
Auxiliares Ayuda a Domicilio	14	En función de subvención, 2 a tiempo parcial
Peóns ordinarios	3	Subvencionados nun 80% Xunta Galicia-Aprol Rural

Navia de Suarna, 07 de febreiro de 2017.- Alcalde, José Fernández Fernández

R. 0370

RIBADEO

Anuncio

De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 03/02/2017 por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, para a adxudicación do contrato de obras relativo a **PROXECTO DE DEMOLICIÓN DE EDIFICIO DE PLANTAS BAIXA E PRIMEIRA (ANTIGAS VIVENDAS DE PROFESORES), E URBANIZACIÓN INTERIOR PARCELA** conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora: CONCELLO DE RIBADEO

A) Dependencia que tramita o expediente. SECRETARIA

Obtención de documentación e información:

1) Dependencia. Negociado de Contratación

- 2) Domicilio. Praza de España, 1
- 3) Localidade e código postal: Ribadeo 27700
- 4) Teléfono. 982 128650
- 5) Telefax. 982 130975
- 6) Correo electrónico. contratacion@ribadeo.org
- 7) Enderezo de Internet do perfil do contratante. <http://ribadeo.sedelectronica.gal/contractor-profile-list>

2. Obxecto do Contrato:

Contrato de servizos, procedemento aberto, único criterio de adxudicación ao prezo mais baixo

Lugar de execución/entrega: Ribadeo

- 1) Domicilio. Praza de España, 1
- 2) Localidade e código postal. Ribadeo, 27700.

3. Valor estimado do contrato: 60.843,52 euros e 12.777,14 euros de IVE isto é un total de 73.620,66 €.

4. Garantías esixidas.

Definitiva (%): 5 po 100 do prezo da adxudicación, sen IVE

5. Requisitos específicos do contratista:

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional. Segundo pregos de cláusulas administrativas.

6. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- a) Data límite de presentación. 26 días naturais dende a data de publicación no BOP de Lugo.
- b) Modalidade de presentación. As previstas no art. 16 da lei 39/2015 de 2 de outubro de procedemento administrativo das Administracións Públicas
- c) Lugar de presentación:
 1. Dependencia. EXCMO CONCELLO DE RIBADEO
 2. Domicilio. Praza de España, 1
 3. Localidade e código postal: Ribadeo 27700
 4. Enderezo electrónico: contratacion@ribadeo.org.

7. Apertura de ofertas:

A partir do 2º día hábil tras do remate do prazo de presentación das proposicións.

Ribadeo, a 03 de febreiro de 2017.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA

R. 0363

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 DE LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 421/2015 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO contra la empresa INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, FRANCISCO JAVIER ANDREU GOLPE y JESÚS RIVAS TORRES, sobre SEGURIDAD SOCIAL, se ha dictado la siguiente resolución, cuyo encabezamiento y parte dispositiva se adjuntan:

"En Lugo, a veintiocho de noviembre de dos mil dieciséis.

Vistos por la Ilma. Sra. Dña. Beatriz Martínez Vega, Magistrada-Jueza del Juzgado de lo Social número Dos de esta ciudad de Lugo, los presentes autos número 421/15 sobre INVALIDEZ PERMANENTE, en los que ha sido parte actora la MUTUA GALLEGA DE ACCIDENTES DE TRABAJO, representada por la graduado social Dña. Paula Ares Lodeiro, y parte demandada, INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL y la TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, representados por la letrada Dña. María José Castro Reboló, DON JESÚS RIVAS

TORRES, asistido del letrado D. Juan Carlos Vilariño Monterroso y DON FRANCISCO JAVIER ANDREU GOLPE, que no compareció.

FALLO

Que desestimando como desestimo la demanda interpuesta por la MUTUA GALLEGA, MUTUA PATRONAL DE ACCIDENTES DE TRABAJO Y ENFERMEDADES PROFESIONALES NÚM. 201, contra D. JESÚS RIVAS TORRES, FRANCISCO JAVIER ANDREU GOLPE, el INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL y la TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, absuelvo a los demandados de las pretensiones contenidas en la misma.

Notifíquese esta sentencia a las partes, a las que se hará saber que contra ella podrán interponer Recurso de Suplicación para ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia dentro de los cinco días siguientes a su notificación, anunciándolo ante este Juzgado.

Se advierte además a las partes que deberán hacer constar en los escritos de interposición del recurso y de impugnación, en su caso, un domicilio en la sede del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, a efectos de notificaciones, dando cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 198 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social.

Así por esta mi sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo."

Y para que sirva de notificación en legal forma a FRANCISCO JAVIER ANDREU GOLPE, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Lugo, a treinta de enero de dos mil diecisiete.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 0342

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE LUGO

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª JAVIER CABANA CANTO, MARIO LOURES SAAVEDRA, JESUS NEIRA GONZALEZ contra GRANXAS BONXE SL, FOGASA, en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000665 /2016 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a GRANXAS BONXE SL, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 5/6/2018 a las 10:50 horas, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **GRANXAS BONXE SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a treinta y uno de enero de dos mil diecisiete.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 0343

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/26924

Ayuntamiento de A Pastoriza, con domicilio en PL\ de Galicia, 1-, 27287 - A Pastoriza (Lugo), solicita autorización para realizar obras que afectan al Dominio Público Hidráulico.

Las obras estarán situadas en ambas riberas del río das Quintas, en el lugar de Os Gueimondes, parroquia de Reigosa, T.M. de A Pastoriza (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución del proyecto de: "Ampliación y mejora fluvial en Os Gueimondes, (A Pastoriza-Lugo)".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de A Pastoriza, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 13 DE ENERO DE 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0344